

Coplas 3º ciclo

MAIO REGUEIFEIRO

*Bo día a todas e a todos!
Chegamos quinto e mais
sexto
para cantarvos o maio,
que este ano é regueifeiro.*

*Este ano é regueifeiro
e así podervos dicir
moitas das cousiñas cousas,
que nos pasan por aquí.*

*O que pasa por aquí
sonvos cousas de
pantasma:
non nos deixan estar
xunt@s
ás saídas e ás entradas.*

*Ás saídas e ás entradas
moito nos fan camiñar.
As mochilas ben cargadas
non podemos aguantar.*

*Non podemos aguantar
gardaría de autobús:
perder tempo sen xogar...
Todo isto é unha cruz!*

*Todo isto é unha cruz!
E parécenos moi mal,
que nos leven ao autobús
como “peques” pola man.*

*Como “peques” pola man,
déixannos coas familias.*

Que xa somos maiorciñ@s!

Sabemos das nosas vidas.

*Sabemos das nosas vidas
e sabemos camiñar.*

Tantas saídas andando;

só queremos descansar!

*Só queremos descansar
e nin traballar no horto.*

*Xa temos moitos deberes
e estamos fartos de contos.*

*Estamos fartos de contos,
tamén das poucas saídas.*

Rematamos a primaria

sen saír en todo o día.

*Sen saír en todo o día,
aquí estamos encerrados.*

Ser os últimos á entrada.

*Sempre, sempre
traballando.*

*Sempre, sempre
traballando.*

rematamos nun minuto

vós quedade aquí no cole

*nós marchamos ao
instituto.*

OS MAIOS DE 4º

Somos de cuarto, non o
negamos
estamos orgullosos do curso
no que andamos.

Maiο maño, verde de mares
esperta un pouquiño cos
nosos cantares.

Aí vén o maio con moito
esplendor.
Está moi soño buscando un
amor.

Levas fiúncho, ovos e
laranxas,
todo xuntiño con gran
esperanza.

Buscamos laranxas, ovos e
flores,
para adornalo con moitas
cores.

Queremos churrasco, e o
Maio tamén.
Dirémoslle a Carlos que o
faga dunha vez.

Queremos máis cartos para
arranxar,
da nosa vida a crise mundial.

Que veñan os Reis, e Papá
Noel,

para ver o maio que tan
bonito é.

Querido Maio, témonos que
ir,
pero antes cantamos outras
coplas para ti.

Este grupo de cuarto xa se
despide,
para o ano que vén en quinto
nos recibes.

Levántate Maio, ponte de pé
as nenas e nenos querémoste
ver.

Levántate Maio, que tanto
durmiches,
pasou todo o inverno e ti non
o sentiches.

Señoras e señores
presten atención
que primeiro e segundo
comezan a actuación.

Despois das olimpíadas
que fixemos no entroido
Os profes nos mandaron
que inventemos un conto.

Metéronnos na clase
A pizarra dixital
eles mandan e mandan
e nós a traballar.

Agora cun dediño
Escriben na pizarra
Non se manchan coa tiza
E non traballan nada.

Pero a nós na clase
Nos mandan moitas
cousas
Escribe na libreta
E faime ben as contas.

Aprende poesías
E agora fai teatro,
Estes profes se pensan
que nós somos de trapo.

MAIOS 2012: 1º CICLO

Fixemos estas coplas,
Para cantarlle o maio,
Así a final de curso
nos dán un aprobado.

Eu fago o que me mandan
Para telos contentos
E logo ás once e media
Podo ir ao recreo.

Cando acabou o inverno
estábamos na praia
Agora en primavera
Afogamos coa auga

Con tanta chuvia xunta
Medran moito as leitugas
A ver se a profe deixe
Que comamos algunha.

Señoras e señores
Paramos de cantar
Que as do comedor
Teñen listo o xantar.

A despedida dámoslle
con moito cariño,
para o ano volvemos
cantar outro pouquiño.

E.I 4 anos

Aquí está o maio
De flores cuberto
E os de catro anos cantaremos
un momento.

Este maio é o mes das flores
Cando os paxariños
Deixan ver os seus amores.

Esperta, maio
Que tanto durmiches
Xa pasou o inverno
E ti non o sentiches.

Este maio,
xa o rematamos
Unhas poesías
van dicir en cinco anos.

E.I. 5 anos

**Agroman as flores
nos eidos galegos,
espertan as árbores
e cantan os merlos.**

**Canta, cuco,
Canta cuco,
que tamén canta a bubela.
Cantan os paxaros todos
Cando chega a primavera.**

**Bufandas e abrigos
botas e zapatos
quedan descansando
nos vellos faiados**